

Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GONDOMAR****Recadación*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS
SERVIZOS DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS******EDICTO***

PRIMEIRO.— O Pleno do Concello de Gondomar en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 24 de decembro de 2025, aprobou definitivamente o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por polos servizos de recollida, tratamento e eliminación dos residuos municipais, con resolución expresa das reclamacións presentadas, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE RECOLLIDA,
TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS*****ARTÍGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.***

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa polos servizos de recollida, tratamento e eliminación dos residuos municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, dando cumprimento á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que determina a necesidade de articular taxas ou prestacións de carácter público non tributario, que sexan diferencias e específicas para os servizos que deben prestar dentro da súa competencia.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da Taxa, a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, consistente na recollida, tratamento e eliminación de residuos de competencia local de tódolos inmoables do termo municipal de Gondomar susceptibles de xerar residuos, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

Entenderase de recepción obrigatoria o servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos domésticos de vivendas, comercios e industria así como de residuos comerciais non perigosos.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou instalacións de calquera uso, situados no termo municipal nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que se faga.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo. Considerarase como propietario, a falta de máis probas, a persoa física ou xurídica titular do inmovible que figure no Catastro, tendo en conta, a tal efecto, a referencia catastral.

Nos casos de vivendas ou locais de titularidade do Concello arrendados ou sometidos a concesión administrativa, serán suxeitos pasivos da taxa a título de contribuíntes, as persoas arrendatarias e concesionarias correspondentes, que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas ou entidades a que se refire o artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Terán unha bonificación do 100% os suxeitos pasivos cuxos ingresos sexan inferiores ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2.- Terán unha bonificación do 100% a vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, sempre que os membros da familia con ingresos brutos anuais, per cápita, sexan inferiores a 4.482,00€ e para familias numerosas sexan inferiores a 7.200,00€.

O cómputo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presenta a solicitude.

Para poder acollerse a esta bonificación haberá que cumprirse ademais que o valor catastral de tódolos inmobles titularidade do solicitante, a excepción da vivenda habitual, non supere o



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

valor catastral de 49.305,00 euros (segundo valor catastral que figure a efectos do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana).

Calcularase o ingreso bruto anual per cápita dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% computarse como se fosen dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 35% e 65% computarse como 1,5.

No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero, aplicárase ao seu ingreso bruto o coeficiente de 0,30. Este coeficiente será de aplicación os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicáranse aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,50.

No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicárase aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,55.

No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicárase o coeficiente de 0,35.

No caso dunha vivenda onde resida unha familia monoparental, na que so percibe ingresos o/a proxenitor/a custodio/a e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicárase ao ingreso bruto o coeficiente de 0,55. Poderase aplicar este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

Persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicárase aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,35.

Para ter dereito a estas bonificacións deberán solicitarse polos interesados entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento das condicións para o seu outorgamento, e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.

Deberá acompañarse á solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada da declaración da renda do exercicio inmediato anterior ou, no seu defecto, certificación negativa da Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente aos integrantes da unidade familiar.
- Certificación catastral dos inmobles da súa propiedade.
- Documento onde se acredite a discapacidade.
- No caso de familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

- Sentenza firme acreditativa da violencia de xénero.
- Documento onde se acredite a situación de desemprego.

3.- Terán unha bonificación do 99%, os locais sociais das Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, das Asociacións de veciños sen ánimo de lucro ubicadas e con sede física no Concello, ANPAS, Centros Culturais e Deportivos, cemiterios e os edificios e locais da Entidade Local Menor de Morgadáns.

Se nalgún deses locais se desenvolven actividades económicas declaradas, como por exemplo as cafeterías de centros sociais que están arrendadas/concesionadas, as persoas titulares veranse obrigadas a abonar a taxa correspondente á actividade principal desenvolvida

4.- Gozarán dunha redución do 10% sobre a taxa aplicable cando no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teña realizado, como mínimo, catro entregas nalgún dos puntos limpos municipais.

A solicitude desta bonificación deberá presentarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo no Rexistro do Concello ou do ORAL-Deputación de Pontevedra, indicando dirección completa e nº de referencia catastral do inmovible, que poderá obterse no derradeiro recibo ou no PIC (punto de información catastral) do Concello. Para a aplicación desta redución será necesario que o servizo municipal de medio ambiente remita aos servizos tributarios, antes do 30 de abril, a relación de usuarios do punto limpo municipal correspondente ao exercicio anterior.

5.- No caso de establecementos dos epígrafes LOCAL INDUSTRIAL, TALLER, NAVE DE FABRICACIÓN OU ALMACENAMENTO e TIENDAS DE ALIMENTACIÓN que leven a cabo plans, programas ou contratos con xestores de residuos que redunden na redución dos residuos sólidos urbanos obxecto do servizo municipal, terán unha redución na cota base dun 25% ou 50% sobre a tarifa correspondente, en función da diminución de peso dos residuos sólidos urbanos que acaden.

Os suxeitos solicitantes deberán presentar a documentación asociada ó plan ou programa, ou contrato con xestor autorizado, e ademais probas dos resultados en termos de redución de residuos.

Esta redución será concedida, previa petición do/s interesado/s acompañada dos seguintes documentos (cando proceda):

- Fotocopia do NIF/CIF da persoa física/xurídica solicitante da redución, e, no seu caso, documento acreditativo da representación da persoa que actúe como representante.
- Fotocopia do último recibo da taxa de recollida, tratamento e eliminación de lixo, na que figure o solicitante da redución como suxeito pasivo.
- Documentación que demostre a adhesión ó plan, programa ou contrato, e probas dos resultados do mesmo en termos de redución de residuos.
- Informe técnico que acredite a redución en peso de residuos sólidos urbanos obxecto do servizo municipal e a porcentaxe de redución a aplicar....



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

ARTIGO 6º. COTAS TRIBUTARIAS.

A cota tributaria será o resultado dunha cota fixa segundo a natureza ou destino dos inmobles, en atención á súa capacidade estimada de produción de residuos municipais. Para estes efectos, a capacidade estimada de produción de residuos estará determinada polas distintas categorías de actividades que se relacionan neste artigo.

No caso de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, aplicarase unha tarifa de vivenda.

No caso de que unha sociedade ou persoa física realice varias actividades nun mesmo local (e estas carezan de acceso independente), aplicarase a cota que resulte de maior importe (en relación coa superficie da mesma) de entre as actividades desenvolvidas.

No caso concreto dos restaurantes con servizo de bar ou cafetería, considerárase só como actividade a de restaurante (cando carezan de acceso independente).

No caso que varias persoas xurídicas ou persoas físicas realicen diferentes actividades compartindo un mesmo local, procederá a aplicación a cada unha delas a cota que resulte da actividade desenvolvida (en relación coa superficie da mesma).

Nos inmobles destinados a vivenda nos que se desenvolva calquera actividade susceptible de produción de residuos, aplicarase unicamente a cota base correspondente á actividade. Para que esta regra sexa de aplicación, esixirase que a actividade se desenvolva en dependencias propias da vivenda e que carezan de acceso independente.

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

TARIFAS

CONCEPTO	IMPORTE (€)
DOMICILIOS PARTICULARES	
Domicilios	95,57 €
CAFETERÍAS Y BARES	
Ata 100 m2 e sen servizo de comedor	121,63 €
Mais 100 m2 e sen servizo de comedor	173,75 €
Ata 100 m2 e con servizo de comedor	347,51 €
Mais 100 m2 e con servizo de comedor	434,38 €
RESTAURANTES	
Ata 250 m2	503,88 €
Mais de 250 m2	1.007,75 €
HOTELES	
Ata 50 habitacións	382,25 €
Mais de 50 habitacións	1.450,81 €
LOCAL INDUSTRIAL, TALLER, NAVE DE FABRICACIÓN OU ALMACENAMIENTO	
Ata 100 m2	251,94 €
De 101 m2 a 500 m2	347,51 €
De 501 m2 a 750 m2	434,39 €
Mais de 750 m2	686,31 €



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

CONCEPTO	IMPORTE (€)
LOCAL COMERCIAL	
Ata 100 m2	121,63 €
De 101 m2 a 250 m2	182,44 €
Mais de 250 m2	460,45 €
ENTIDADES BANCARIAS	
Entidades bancarias	486,50
TIENDAS DE ALIMENTACIÓN	
Ata 100 m2	156,38 €
De 101 m2 a 250 m2	217,19 €
Mais de 250 m2	547,31 €
OUTROS ESTABLECEMENTOS	
Outros establecementos	156,38 €

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN.

1. A Taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos ten carácter periódico, devindicándose o primeiro día do período impositivo.

2. O período impositivo coincide co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

a) Nos supostos de inicio, dende o día en que teña lugar ata o 31 de decembro.

Entenderase iniciada a prestación do servizo, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido ou en funcionamento nas rúas ou lugares nas que se atopan as vivendas ou locais propiedade dos suxeitos pasivos.

b) Nos supostos de cese, dende o 1 de xaneiro ate o día en que se produza aquel.

3. Cando o período impositivo da Taxa esixida pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sexa inferior ao ano natural, o seu importe prorratearase por trimestres naturais, computándose como completo o de inicio ou cese na prestación do servizo.

A taxa será esixible a partir do primeiro día da prestación efectiva de dito servizo, sexa ou non solicitado polas persoas contribuíntes.

ARTIGO 8º. NORMAS DE XESTIÓN: DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

Cando se trate de servizos periódicos, presentaranse as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo, que producirán efectos na seguinte liquidación de padrón, é dicir, no período seguinte ao da súa presentación.

Toda declaración de alta deberá xustificar:

a) Identificación do titular do inmovble.

b) Título de propiedade do inmovble e identificación da referencia catastral.



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

Nas declaracións de modificación, de calquera tipo, deberanse acreditar os extremos que a xustifiquen.

Nas declaracións de baixa, xustificarase o estado ruinoso da construción a través da declaración de ruína ou informe do Concello do departamento correspondente acreditando esta situación, e tamén con documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa ningunha.

A persoa substituta da persoa contribuínte, estará obrigada a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmoables ou actividades gravadas pola taxa.

No caso de incumprimento da obriga de declarar a alta no servizo, darase de alta de oficio no padrón, practicándose e notificándose á persoa interesada a oportuna liquidación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

A taxa xestionarase de oficio, a partir dun Padrón que conterá todos os datos necesarios, requiridos pola normativa tributaria. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixiranse anualmente, sendo estas irredutibles polo período sinalado, agás nos casos de inicio ou cese no uso do servizo, nos que o período impositivo se axustará á dita circunstancia, tal e como se recolle no artigo 7.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerase polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo actualmente vixente e as súas modificacións; e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir da súa entrada en vigor, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresas.



Luns, 29 de decembro de 2025

Núm. 247

SEGUNDO.— Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:W1BH3H16C5CAX2HU

